

Concurso

FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA

OBXECTIVO: montaxe dunha exposición de Fotografía Matemática no IES Pino Manso a través de fotografías realizadas polo seu alumnado.

DIRIXIDO A: alumnado do IES Pino Manso, dividido en tres categorías:

- 1º e 2º de ESO
- 3º, 4º de ESO e FP Básica
- 1º e 2º de Bacharelato

FORMA DE PARTICIPACIÓN: entrega dunha *fotografía matemática* en papel fotográfico montada sobre unha cartolina. Na parte inferior da cartolina indicárase un *título matemático* para a fotografía e o nome do alumno e o curso no que está.

Ademais, a fotografía debe enviarse en formato dixital ao seguinte enderezo electrónico: concursofotosmate@gmail.com

A data límite de entrega é o **31 de Marzo de 2017**.

As fotografías deben ser orixinais e en ningún caso se aceptarán fotos descargadas de Internet, nin escaneadas de ningún tipo de medio gráfico.

PREMIO: o departamento de Matemáticas premiará unha fotografía en cada categoría tendo en conta os seguintes criterios:

- ✓ Contido matemático da fotografía (matemáticas na publicidade, números, rectas, curvas, simetrías, figuras xeométricas, estatística, azar....)
- ✓ Título matemático
- ✓ Relación co contorno do IES Pino Manso (O Porriño, Mos, Pontearreas, Tui, Salceda, ...)